

N/REF.: 35140000087972

Asunto: Información relativa aos padróns fiscais do IAE e do IBI, exercicio 2020

Nas datas e mediante as resolucións da Presidencia desta Deputación que de seguido se indican foron aprobados os seguintes padróns fiscais:

- Imposto sobre actividades económicas (resolución núm. 24.254, de 11 de agosto de 2020)
- Imposto sobre bens inmoables urbanos (resolucións núm. 17.762, de 5 de xuño de 2020 e 23.551 de 4 de agosto de 2020)
- Imposto sobre bens inmoables rústicos (resolución núm. 17.091, de 29 de maio de 2020)
- Imposto sobre bens inmoables de características especiais (resolución núm. 17.091, de 29 de maio de 2020)

Os ficheiros que conteñen os referidos padróns, a matrícula definitiva e a matrícula de exentos do imposto sobre actividades económicas e os padróns catastrais do imposto sobre bens inmoables, están a disposición dese concello no seguinte enlace: <http://www.dicoruna.es/servizos-tributarios/restrinxidos/ficheiros/>.

Período e lugar de exposición

Os devanditos padróns fiscais quedarán expostos ao público na Deputación Provincial, onde poderán ser examinados polos interesados, dende o día **17 de setembro ata o 20 de outubro de 2020**, ambos incluídos.

O anuncio de exposición pública dos padróns fiscais será publicado oportunamente por esta Deputación no Boletín Oficial da Provincia e nos diarios de maior difusión da provincia.

O resumo dos datos económicos dos padróns fiscais dese concello, desglosado por conceptos, é o seguinte:

CONCELLO/CONCEPTO	NÚM. VALORES	RECARGA PROVINCIAL	TOTAL DÉBEDA
TORDOIA			
IAE	29	1.941,11	13.425,04
IBI - BICE	2		42.884,67
IBI - RUSTICOS	2.847		66.974,43
IBI - URBANOS	1.823		233.487,61

O presidente en funcións

Xosé Regueira Varela